



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel - 600 699 293 - 610 616 968

A atención á diversidade é, ao mesmo tempo e sen vergoña, un dos maiores éxitos dos que se gaba o goberno educativo galego e unha das maiores eivas do propio sistema educativo.

As familias galegas estamos fartas, constante e permanentemente fartas, de que sexa a propia administración educativa o maior dos problemas aos que nos enfrontamos na atención á diversidade. Ben pola súa propia inacción ou falta de medios, ben pola falta dunha inspección proactiva para o efectivo cumprimento da normativa, ou ben simplemente pola enorme falta de formación do persoal dos centros educativos.

Realmente dá o mesmo a causa, agás do necesario para resolvela. O certo é que as familias con fillos con necesidades educativas específicas viven nunha constante pelexa o seu paso por un sistema que traballa activamente á contra do que precisan, e que está convertido hoxendía, máis nun atranco que nun apoio para a correcta incorporación dese alumnado na vida ordinaria da sociedade.

Que a integración do alumnado con necesidades de apoio é complexa non hai que dicilo, que faltan profesionais para atendelos, e que quen os está atendendo non son profesionais formadas, é tamén unha realidade; que hai que abandonar a distribución de especialistas en función de porcentaxes de catálogo, e comezar a fornecer aos centros das horas que precisen en función dos casos que efectivamente teñan en cada momento, é un clamor.

Pero o problema máis absurdo, e máis real, co que nos estamos topando todos os días, o que motiva un rosario de queixas constantes das familias, que nos chegan a nós, porque os centros escolares tapan esas queixas, é que o gran problema da atención á diversidade, logo de conseguir que comece a ser efectiva, está sendo a falta de coordinación do propio sistema á hora de atender ás persoas que xa teñen recoñecido o dereito a esa atención.

Non ten ningún sentido que unha familia teña que estar permanentemente esgrimindo, ano tras ano, docente tras docente, etapa tras etapa, as mesmas diagnoses, as mesmas recomendacións, as mesmas experiencias, cando o propio sistema debiera encargarse de que a atención a unha alumna ou alumno con necesidades de apoio fose un camiño continuado, no que cada chanzo se apoie no chanzo anterior dun xeito coordinado.

Simplificando, o que queremos con este escrito, o que demandamos desa administración, é que se estableza un protocolo de actuación, de cumprimento obrigado para todo o sistema, polo que un alumno ou alumna diagnosticado e informado, manteña a atención correspondente dende infantil ata a realización das ABAU. Sen necesidade de que a súa familia precise renovar máis información daquela que conxunturalmente poida ter cambiado.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel - 600 699 293 - 610 616 968

E dáños o mesmo que se chame protocolo, instrucións, normativa ou información. O alumnado con necesidades educativas ten que estar atendido sempre, e a información que atinxa a esa atención debe precedelo en todo momento, en cada aula, con cada docente, en cada etapa das que teña que pasar dentro do sistema, teña 3 ou 18 anos. Estea aprendendo a ler, ou realizando as ABAU.

E da mesma maneira que a información ten que chegar antes que o alumno, tamén haberá que evitar a discrecionalidade de quen pense que ten dereito a cuestionar o que xa está decidido e valorado. A administración debe velar tamén polo cumprimento das súas propias decisións; aquí non hai liberdade de cátedra nin autonomía de centro; o que hai é un dereito superior que é o da atención correcta ao menor que a precisa.

Quizais sería ben falalo en persoa e discutir como está realmente esa atención, porque semella que a realidade que esa consellaría proclama e a que nós vemos todos os días, pertencen a países e sistemas educativos diferentes.

Un saúdo

Isabel Calvete, Presidenta

Lorena Dapena, Vicepresidenta.